



POEMAS NO TENDAL: "LETRAS GALEGAS 2020"

DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Emprázase ós veciños da Guarda, especialmente ás familias con nenos, a que escollan un poema en lingua galega e o escriban sobre un anaco de tela, acompañando dunha decoración ó gusto

Os traballos serán colocados polas propias familias no tendal ou tendais que se dispoñan na contorna do Auditorio de San Benito, por ser este o escenario habitual de celebración das Letras Galegas na nosa localidade. Ou se se prefire pode contactarse con cultura@aguarda.es e sería colocado por persoal municipal

MATERIAL A UTILIZAR:

A idea é utilizar tea vella que teñamos por casa, pode ser unha camiseta, un anaco de saba vella, ou un mantel roto. Preferentemente apostarase pola cor branca ou cores lisos e claros, que permitan apreciar ben o texto do poema e a decoración que acompaña.

Se utilizamos un anaco de tea, podemos darlle forma de silueta de roupa, para que o tendal quede variado e vistoso

Os traballos non deberían superar os 50 cm. de ancho, para dar cabida ás diferentes propostas

ACHÉGATE ÁS LIBRERÍAS

Para quen non queira "sacrificar" a propia roupa o concello facilitará **siluetas feitas en lona branca, que estarán dispoñibles nas Librerías da vila** (Cervantes, Ler, Ideas).

Recorda ademais que estamos no mes das Letras Galegas, podes aproveitar para agasallar a un ser querido con literatura en galego, pregunta ó teu libreiro!

PRAZOS E COLOCACIÓN DOS TRABALLOS E PRAZOS

Os traballos poden colocarse a partir do xoves 14.

Emprázase a que as familias se acheguen ó tendal no horario do paseo e coloquen os seus traballos, que permanecerán alí se a climatoloxía o permite ata final de mes.

Persoal do concello controlará unha vez ao día que os traballos queden ben suxeitos, e poderá recolocar e grampar os traballos para maior firmeza

No tendal haberá pinzas para colocar os traballos, pero tamén podes levalas de casa.

RECOMENDACIÓNS

A idea é que pouco a pouco os tendais se vaian enchendo de traballos. Se cando vos achegades ó tendal xa hai outras familias, agardade a vosa quenda mantendo a distancia de seguridade, ou volvede mais tarde.

Se tes calquera dúbida ou problema para colocar o teu traballo podes contactar con nós en cultura@aguarda.es ou no 986610000 ext.5.